

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

**Lembra**

- Os **numerais** son palabras que expresan cantidade ou orde de forma precisa. Poden ser **cardinais** ou **ordinais**.
- Os **indefinidos** son palabras que expresan cantidade ou existencia de forma imprecisa.

**1. Clasifica as palabras destacadas segundo sexan numerais ou indefinidos.****Un cociñeiro afeccionado**

Hai **algúns** meses pedínlle á avoa que me explicase como fai a bica. Díxome que cómpren **poucos** ingredientes: **catro** ovos, **catrocentos** gramos de fariña e outro tanto de azucre. Ademais, necesitamos **douscentos** mililitros de nata líquida e douscentos de manteiga. Despois de bater **todo** isto, botámolo nun recipiente longo, cun pouco de azucre por riba para que faga costra. Poñémolo ao forno **corenta** minutos a **cento oitenta** graos. Ao comezo a bica non me saía ben, pero despois de **varios** intentos xa me sae mellor. Mais **ningunha** vez me saíu coma a da avoa. Será porque ela mide as cantidades e eu fágoo a ollo...

**numerais**


---



---



---



---



---

**indefinidos**


---



---




---



---



---

**2. Aquí tes a liña de saída dunha carreira de Fórmula 1. Cubre o texto cos numerais ordinais correspondentes.**

Fernando Alonso será o \_\_\_\_\_ na liña de saída do Gran Premio do Brasil.

Seguirao Massa, que sairá desde a \_\_\_\_\_ posición. Na \_\_\_\_\_ posición atopamos o McLaren de Hamilton, que aspira a obter o campionato nesta carreira.

O \_\_\_\_\_ é Raikkonen e, nun sorprendente \_\_\_\_\_ lugar, atopamos a Adrián Sutil.